

“As Bolboretas da Memoria”

PROXECTO INTERCENTROS BASEADO NO


“X FESTIVAL INTERNACIONAL DE XARDÍNS DE ALLARIZ”

TEMÁTICA: “O VALOR DA EDUCACIÓN E DOS MESTRES”

IES ALLARIZ

CEIP PADRE FEIJOO DE ALLARIZ

CEIP PADRE CRESPO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA



PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a Coordinación (ou coa participación) da BIBLIOTECA ESCOLAR en Centros Públicos non universitarios CURSO 2018-2019



MODALIDADE: 3. Proxectos de investigación intercentros, promovidos desde as bibliotecas de ata un máximo de tres centros de ensino co fin de desenvolver un proxecto común, de temática xeral ou científica.

1.- INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN

No CEIP Padre Crespo tivemos moi claro no momento que iniciamos unha nova etapa á fronte deste pequeno centro educativo do rural, que tiñamos que mudar a filosofía de traballo, que tiñamos que conectar o centro co resto da comunidade educativa para que as nosas accións tiveran certa relevancia. Os cambios a nivel organizativo, a mellora paulatina das instalacións e a reorientación metodolóxica, encamiñada cara a realización de proxectos comúns para todo o centro, múltiples actividades e saídas culturais, traballo interciclos..., fixo que o noso colexio collera novos folgos. Loitamos permanentemente pola supervivencia, contra unha demografía que se ceba principalmente no rural. Estamos a resistir, mantemos e incluso, aumentamos matrícula grazas aos cambios introducidos no centro, que atraen a novo alumnado dentro e fóra da comarca.

Dentro destas accións buscamos aliados: os centros escolares de referencia na nosa contorna. Ao estarmos adscritos ao IES de Allariz, non atopamos mellor forma que poñer en relación as tres Bibliotecas Escolares, todas no PLAMBE, para levar adiante proxectos comúns... E xa hai seis anos que comezamos a nosa andaina.

Hai que ter en conta ademais, que para o desenvolvemento curricular é necesario incorporar metodoloxías por proxectos ás prácticas docentes: “a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas e contextos da vida real”, (Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria).

Dende un principio empezamos a estender esta metodoloxía de traballo contando con que involucrar ao profesorado de 3 centros, áreas, departamentos... é moi complicado. Puxemos e pomos sobre a mesa proxectos de centro, que cremos, altamente motivantes, que se poidan traballar en Primaria e Secundaria, e nos que nos vexamos identificados... e así empezamos.

Nesta edición o Proxecto Intercentros iniciase coa integración do Festival Internacional de Xardíns, que dende hai dez anos organiza o Concello de Allariz, no noso programa de actuacións. Ao estar adicado ao cine, escollemos como instrumento de traballo a película “A Lingua das Bolboretas”, rodada nos dous Concellos e chea de contidos curriculares e transversais a tratar, tanto para Primaria como para Secundaria. O fin último era pór en valor a figura dos docentes e todos os

valores que se transmiten na Escola. A Escola con maiúsculas, unha “escola unitaria”, como a de antes, da que nós tamén queremos ser representantes unindo os nosos esforzos.

A diversidade de aspectos curriculares e contidos transversais tratados están intimamente relacionados coa adquisición das distintas competencias clave:

- Comunicación lingüística: a través das diferentes actividades e presentacións fomentouse o diálogo, gozar escoitando, lendo ou expresándonos de forma oral ou escrita... Tentamos que recolleran as vivencias dos seus antepasados na escola para logo plasmalo nas súas creacións para o Certame Literario. Quixemos contribuír así, á creación dun espírito e xuízo crítico, á xeración de ideas, expor opinións e pensamentos...

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a través do estudo dos insectos, plantas e flores... Moi presentes na película. Puxemos en práctica todo o aprendido, principalmente co alumnado de Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria no noso xardín e horto escolar.

- Competencia dixital: empregamos as TICs para as distintas pescudas de información, tentando formar usuarios responsables, eficaces, críticos e reflexivos, e na medida do posible autónomos.

- Aprender a aprender: fomentamos a cooperación, incidindo na planificación, na organización do traballo e dos tempos de forma efectiva, así coma o coñecemento sobre os diferentes recursos a empregar, a súa selección e o tratamento da información.

- Competencias sociais e cívicas: estas competencias son a clave en todo o proceso, dados os contidos a desenvolver a partires da película. A súa presenza, polo tanto, é constante. Como temas transversais poderíamos mencionar os seguintes: educación moral e cívica, educación para a saúde, educación para a igualdade de sexos e polo respecto dos dereitos humanos, educación sexual, educación para a igualdade de oportunidades, educación ambiental, educación para a paz... Tamén fixemos especial fincapé en todo aquilo que ten que ver coa natureza e o medio ambiente, uso responsable de recursos naturais, coidado do medio... Ademais deunos pé para traballar na mellora da convivencia do centro incidindo nos nosos programas de educación emocional e sexual, a prevención e resolución de conflitos, respecto polas normas cívicas, respecto polas diferenzas, por un mesmo e polo que pensa distinto...

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: fomentamos a presentación de traballo tanto a nivel individual coma en grupo, intentando promulgar a igualdade de oportunidades.
- Conciencia e expresións culturais: a partires das distintas manifestacións culturais, coa presentación de debuxos e relatos cheos de creatividade; a reprodución da escena da película na que participu o alumnado de Primaria activamente; as representacións de contacontos, maxia, musicias; o recital de Rosalía Fernández Rial; a presenza de Manuel Rivas e a súa obra; a vista ao Festival de Xardíns, apreciando os traballos realizados polos centros de Allariz...

CALENDARIO E COORDINACIÓN INTERCENTROS

Coma todos os anos, ao inicio de cada curso, reunímonos os representantes das bibliotecas escolares para organizar unha programación conxunta co obxectivo de rentabilizar recursos humanos e materiais (encontros con autores, lecturas compartidas, celebración de datas conmemorativas...) en colaboración coas entidades culturais da vila (concellos, librarías, bibliotecas municipais...).

Dentro desta programación inclúese a participación na X edición do “Festival Internacional de Xardíns” que o concello lle propón aos centros escolares no 1º trimestre.

A finais de xaneiro, coincidindo coa nosa reunión trimestral de coordinación dos equipos PLAMBE, tomamos como pretexto esta proposta para deseñar, planificar e distribuír as nosas actuacións dentro deste proxecto común:

- Deseño da parcela do Xardín e elaboración de materiais decorativos.
- Elección da temática do Certame Falando de Solidariedade.

Houbo unha 3ª reunión de coordinación na última semana de abril para:

- Ultime os detalles da montaxe da parcela do xardín, antes da súa inauguración o 12 de maio.
- Planificación e organización dunha semana artístico-cultural do 27 ao 31 de maio, con dous momentos culminantes:
 - 28 de maio: Roteiro literario sobre a Lingua das Bolboretas e Encontro con Manuel Rivas (Allariz e Xunqueira)
 - 31 de maio: Actos e entrega de Premios do VI Certame de debuxo, conto e relato Falando de Solidariedade

Na última semana de xuño fixemos a reunión final dos equipos de biblioteca dos 3 centros para avaliar o traballo anual. Ante a valoración altamente positiva e a boa acollida por parte das

diferentes entidades culturais, administrativas e culturais decidimos presentar esta iniciativa ao VI Concurso de Traballos por proxectos.

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

No noso centro educativo participou todo o profesorado e alumnado no proxecto, dende Infantil ata 6º de Primaria, adaptando as tarefas ás posibilidades dos distintos niveis educativos.

2.- TEMÁTICA:

Por que escollemos **A EDUCACIÓN E OS MESTRES?**

No noso ámbito de colaboración cos centros escolares de Allariz, asumimos un novo reto: pór en relación o Festival Internacional de Xardíns cos proxectos comúns que coordinamos a través das Bibliotecas. Aproveitamos que o Festival se adicaba ao cine e escollemos a película A Lingua das Bolboretas, baseada na obra Que me Queres Amor? de Manuel Rivas, dirixida por José Luís Cuerda e rodada en Allariz e Xunqueira. A través dela puidemos tratar diferentes temas, adaptándonos ás idades do alumnado. Para nós foi tamén inspiradora para elixir a temática do VI Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade: “As mestras e os mestres, unha historia de vocación solidaria”, que un ano máis organizamos coa axuda dos centros de Allariz. Tomamos o proxecto coma un todo, aínda que no noso caso centramos os esforzos na elaboración das bases do Certame, na organización dos actos de entrega de premios e na finalización do Roteiro Literario en Xunqueira e encontro con Manuel Rivas.

3.- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Despois da segunda reunión do equipo das Bibliotecas, puxémonos en marcha, aló por xaneiro, para por un lado planificar e preparar as bases e os actos de entrega de premios do Certame: xa que conlevan sempre unha serie de actividades paralelas que pomos en relación coa temática de cada edición, e por outra banda, planificar e organizar as actividades a desenvolver polo propio alumnado en cada etapa educativa.

ACTOS E ENTREGA DE PREMIOS DO CERTAME LITERARIO

Ao ter como telón de fondo A Escola e os mestres, decidimos adicar **a exposición** que anualmente instalamos **no claustro da Colexiata á escola dos nosos maiores**, reproducindo unha aula dunha escola rural e expondo libros, mapas e material escolar cedidos polas familias do noso colexio, pola veciñanza de Xunqueira, polo Museo Etnográfico dos Milagres en Maceda (dirixido por D.Elixio Rivas) e polo Museo Pedagóxico da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo. Arredor do claustro puxemos unha escolma de imaxes da rodaxe da película “A Lingua das Bolberetas” en Allariz e Xunqueira. **Fotos** cedidas polo seu autor **Tino Feijoo**.

Xa pola mañá planificamos acudir á Casa da Cultura de Allariz para asistir á actuación de **Xoan Curiel e Charo Pita “Canta Miña Pedra Canta”, homenaxe a Antonio Fraguas**.

Ademais tivemos un obradoiro e exposición de **xogos populares**, ao contarmos coa colaboración da Asociación de Cultura Popular Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense.

Contactamos cos ponentes para a **charla-coloquio** aberta ao público en xeral e á que acudiron o alumnado e profesorado dos distintos centros participantes. Tivemos a honra de poder contar con **Rosa Cid Galante** investigadora e profesora de Historia no IES Universidade Laboral en Ourense que nos falou de *“As valentes e primeiras mestras ourensás”* e con **Xosé Manuel Cid Fernández**, Vicedecano e Profesor de Historia da Educación da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo. A súa charla tiña por título: *“A Escola da República”*.

En colaboración coa Editorial Galaxia, deseñamos o cartace, baseado nunha das fotos do filme, cedida por Tino Feijoo. A través deles, contactamos con **Rosalía Fernández Rial**. Actuou durante a cerimonia de entrega de premios acompañada por **María José Mosquera** ao magnífico órgano da Colexiata

Coa axuda do Concello de Xunqueira e da Deputación de Ourense, puidemos contratar o **espectáculo do mago Albert e a actuación de Musicleta** para pechar o día, amenizando a merenda popular solidarira, cuxa recadación acordamos que se destinaría á Asociación Por Eles, que se adica á atención de nenos e nenas con TEA (trastornos do espectro autista).

AS BASES DO CERTAME

A finais de abril presentamos as bases do concurso que difundimos a través da asesora do CEFORE de Ourense, Loli Nieto e do Gabinete de Normalización Lingüística da provincia.

Acordamos que os debuxos e relatos se poderían entregar ou enviar con data límite do 27 de maio, para reunirse o xurado o mércores día 29.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLO ALUMNADO

Para antes do final da segunda avaliación programamos o visionado da película a partires de 3º de primaria, pretexto para introducir o tema do Certamen nas aulas e para traballar sobre os contidos e valores asociados.

Para o inicio da terceira avaliación, xusto antes de Semana Santa, iniciamos, coincidindo coa semana do Día do Libro, unha serie de que tiveron lugar na propia Biblioteca Escolar, co fin último de preparar os relatos para presentar, e no caso de Infantil e 1º Ciclo de Primaria, os debuxos ou cómics.

Xa despois das Letras Galegas... centrámonos no Roteiro Literario e na preparación da reprodución da escena da Festa da República e a posterior presenza de Manuel Rivas no noso centro educativo. Quedamos en estudar a vida e obra do autor e na preparación dunha pequena homenaxe logo do xantar, adicandolle unha zona do novo xardín.

4.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

PROFESORADO

- Elaboración do proxecto por parte do equipo directivo en colaboración coa Biblioteca Escolar e o Equipo de Normalización Lingüística.
- Presentación ao resto do claustro. Contidos que debemos traballar nas distintas aulas.
- Presentación das bases do concurso. Analise das distintas categorías.
- Organización dos Actos e Entrega de Premios do Certame.
- Estudo da obra de Manolo Rivas. Preparación da nosa participación no Roteiro

ALUMNADO

- Guía para o visionado da película.
- Presentación das Bases do concurso.

- Taller de escritura en Primaria realizado dentro do marco do contrato-programa para a mellora das competencia lingüística nas horas dispón cada grupo-aula na propia Biblioteca Escolar. A
- Participación no encontro con Manuel Rivas. Elaboración de Materiais. Investigación sobre a súa obra.

5.- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

INFANTIL, 1º e 2º DE PRIMAIRA

- Estudaron os insectos, as flores e plantas... partindo da lingua das bolboretas.



- Visita ao Festival Internacional de Xardíns.
- Obradoiro de xogos populares
- Contribuíron na decoración das árbores que no noso novo xardín lle adicamos a Manuel Rivas.
- Participaron no certame na modalidade de debuxo e nas actividades asociadas.





3º/4º/5º E 6º DE PRIMARIA

- Visionado da película
- Que significou a Guerra Civil Española
- Pescudas sobre a Escola da República e os cambios que houbo na educación perante a dictadura.
- Investigación e entrevistas nas casas para saber máis sobre a escola dos nosos maiores, a escola no rural e as poucas posibilidades da xente do campo.
- Presentación dos traballos para o Certame Literario.
- Visita ao Festival de Xardíns
- Obradoiro de grafitis para a confección do retrato de M.Rivas.



-Preparación do Encontro con Manuel Rivas. Estudo da súa obra. Lecturas compartidas. Elaboración das pedras e táboas para o xardín. A árbore da poesía e a árbore da narrativa.



-Participación no encontro con M.Rivas. Escenificación e ambientación da escea da película. Pequeno homenaxe ao autor.



-Participación nos actos e na entrega de premios do certame

ACTOS E ENTREGA DE PREMIOS
 VI CONCURSO DE DEBUXO, COIÑO E RELATO

"FALANDO DE SOLIDARIEDADE"
 convocado polo CEIP Padre Cárrega de Lameiroa de Ambía.
 En memoria de Celso e Eva

*Venes 31 de maio de 2019,
 17:30 horas
 Colexiata de Santa Thania a Real
 Xunqueira de Ambía*

Entidades colaboradoras:
 Concello de Xunqueira de Ambía
 Concello de Allariz
 Biblioteca escolar e
 municipais dos Concellos de
 Xunqueira de Ambía e Allariz
 Biblioteca das Letras
 PUNTO E COMA
 Biblioteca Gaiardanes
 AMPA Padre Crespo

Imaxe de fondo: © Getty Images / iStockphoto
 Imaxe de arriba: © Getty Images / iStockphoto

EDITORA: GALPISA

6.- RECURSOS, BIBLIGRAFÍA/WEBGRAFÍA

Material funxible e de refugallo para a elaboración de materiais. Cámara fotográfica, móbiles... para as fotos e vídeos.

Fixemos pescudas na rede e traballamos con diferentes ferramentas: correo electrónico, googledrive, dropbox... Enciclopedias; Wikipedia; leccionesdehistoria.com.

7.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Non podemos máis que agradecer a colaboración e implicación de todo o mundo. En primeiro lugar ao alumnado e profesorado dos tres centros educativos que organizamos os diferentes actos, aos dos outros centros participantes tanto no roteiro como aos que presentaron traballos a concurso, aos Concellos e ás Bibliotecas Municipais de Allariz e Xunqueira, ás familias, aos museos que nos cederon material e libros, aos conferenciantes e artistas invitados, ás Librarías Aira das Letras e Punto e Coma, á Editorial Galaxia, Protección Civil...

A mobilización en Xunqueira é máxima no tocante aos actos de entrega de premios do Certame. Hai que lembrar que empezamos a organizar este evento como homenaxe a Celtia e Eva, que faleceron no accidente do Tren Alvia en Angrois. Recollemos a reacción e o espírito solidario que aquel triste acontecemento xerou para darlle nome ao noso Certame... Este feito fai que todo o mundo aporte o seu gran de area.

8.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

O principal medio de difusión das novas que emprega o centro é a aplicación TOKAPP SCHOOL, ferramenta de contacto con todas as familias do colexio. A través do seu uso, espallamos as novas, pedimos permisos, invitamos á participación e colaboración... e pomos enlaces ao noso blogue, a fotos ou presentacións. Contamos cos facebook do Concello de Xunqueira; da Asociación de Nais e Pais, AMPA Padre Crespo; da Asociación de Familias do centro, AFA Arnoia; ou da Librería Aira das Letras, que colgou un álbum moi completo da xornada con Manuel Rivas, da que foron artífices e colaboradores. Ademais a nosa presenza nos diferentes medios, prensa, televisión é frecuente, aparecendo periódicamente por mor dos diferentes proxectos que levamos adiante no centro educativo.

<http://colexiopadrecrespo.blogspot.com/2019/05/visitanos-manuel-rivas.html>

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/2019/06/01/solidaridad-padre-crespo/0003_20190601C10998.htm

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/xunqueira-de-ambia/2018/05/26/xunqueira-ambia-recuerda-eva-celtia-premia-solidaridad/0003_201805026C6995.htm

9.- AVALIACIÓN

A valoración final non puido ser máis positiva. Acordamos cos outros centros recoller os resultados a través dunha táboa, que amosara o nivel de consecución dos criterios seleccionados:

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4	5
Nivel de participación do alumnado					x
Implicación do equipo docente					x
Implicación de recursos externos e institucións da contorna					x
Desenvolvemento das competencias clave					x
Implicación da Comunidade Educativa					x

10.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

A Biblioteca como principio e fin... Nin que dicir ten que para nós a Biblioteca é o centro neurálxico do colexio. Todo acontece aquí, dende os contacontos, os obradoiros, os traballos interciclos, as charlas formativas, os encontros con autores... É un espazo multidisciplinar que adaptamos ás necesidades do momento. Para o CEIP Padre Crespo formar parte da familia PLAMBE supuxo o principio do desenvolvemento dun plan de centro que nos trouxo ata aquí. Unha etapa fundamental nesta viaxe foi unir os nosos esforzos aos centros de Allariz a través da colaboración entre Bibliotecas Escolares. Actualmente coordinámonos dende o principio de cada curso para organizar as posibles actividades conxuntas, o aproveitamento e optimización dos recursos. Así xorden proxectos coma este nos que todos sumamos coma se foramos unha entidade única. Todos estamos a

disposición de todos para complementar o preciso e necesario. Como cada ano, cada centro fixo a súa contribución ao proxecto, no que as Bibliotecas son a base fundamental para desenvolver e coordinar as distintas actividades. Neste caso tocounos rematar o roteiro con Manuel Rivas a través da reprodución da escea da festa da II República.

Para o ano será outra historia, que comezaremos con novos folgos e ilusión.

Xunqueira de Ambía, a 10 de xullo de 2019

O director

Javier Pérez Gallego